

GUÍA

DE BOAS PRÁCTICAS
AMBIENTAIS XERAIS

NO PAZO PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



Deputación
Pontevedra

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a **Deputación de Pontevedra** asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe todos os servizos situados neste edificio: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- **Garantir que se cumpran os requisitos legais** e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental.
- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas para motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios.
- **Protexer o medio:**
 - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
 - Cun uso sostible dos recursos.
 - Coa redución das emisións atmosféricas.
 - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados.
 - o Comprometéndose coa prevención da contaminación.
- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.


A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

PAPEL

- Emprega papel reciclado ou libre de cloro elemental ou papel usado para imprimir documentos de proba.
- Úsao por ambas as caras.
- Utiliza a vista previa antes de imprimir un documento para detectar posibles erros.
- Imprime a documentación de uso interno en branco e negro. Predetermina este tipo de impresión no teu ordenador. Así mesmo, reduce marxes, tipos de letra e entreliña para non utilizar varias follas.
- Na comunicación interna usa o correo electrónico para enviar documentos. Procura non imprimir os correos electrónicos; leos na propia pantalla.
- Garda arquivos no ordenador; non é necesario gardar unha copia en papel de toda a documentación.
- Comparte documentos, xa que unha mesma copia impresa pode servir para varias persoas.
- Solicítalles a provedores e entidades ou organismos que envíen a documentación pertinente en soporte dixital.
- Sempre que a ou o destinatario o acepte, realiza as entregas en formatos dixitais.

AUGA

- Avisa o Servizo de Arquitectura en caso de detectar fugas ou outra anomalía.
- Aforra auga cando a esteas usando.
- Pecha a billa mentres lavas as mans.
- Pecha ben a billa tras o seu uso.
- Non utilices o desaugadoiro como unha papeleira.



CALEFACCIÓN E AIRE ACONDICIONADO

- Evita, na medida do posible, o uso do aire acondicionado ou da calefacción.
- Pecha xanelas e portas antes de acender a calefacción e o aire acondicionado; para renovar o aire dunha estancia abundan 10 minutos.
- Apaga a calefacción e o aire acondicionado ao finalizar a xornada ou se a oficina queda baleira durante unhas horas.
- Non cubras nin obstrúas os radiadores con caixas, cartafois etc.

TÓNER

- Usa tipografías de baixo consumo de tinta, menor número de cores en logotipos etc.
- Minimiza o consumo mediante as instrucións proporcionadas no apartado de consumo de papel.

ENERXÍA ELÉCTRICA

- Úsaa só cando non sexa suficiente a luz solar e apágaa cando non a necesites.
- Non apagues os tubos fluorescentes se os vas acender en poucas horas, xa que o maior consumo de enerxía se produce no acendido.
- Configura o modo aforro de enerxía no teu equipo: os tempos de suspensión do dispositivo e o apagado da pantalla.
- Apaga o teu equipo ao final da xornada ou se te vas ausentar durante unhas horas.
- Desconecta o cargador do móbil e outros dispositivos que non se usen nese momento.
- Evita o uso do ascensor; o exercicio é saudable e aforra enerxía.

COMBUSTIBLE

- Evita o uso do aire acondicionado ou do climatizador; é un dos accesorios con maior incidencia no consumo de combustible dos vehículos.
- Tenta conducir coas ventás pechadas. As ventás abertas provocan unha maior oposición ao movemento do vehículo, xa que aumentan a forza de rozamento e provocan un maior consumo de combustible.
- Mantén unha velocidade constante e adecuada a cada situación, evitando acelerar e frear de forma repentina, para reducir o consumo de combustible.
- Cando necesites reducir a velocidade levanta o pé do acelerador antes de frear.
- Usa a primeira marcha ao inicio e cambia canto antes á segunda; circula o maior tempo posible en marchas longas e a revolucións baixas.

- Fai un mantemento periódico do vehículo:
 - o Diagnóstico do motor para detectar avarías ocultas.
 - o Control de niveis de aceite e dos filtros.
 - o Control da presión dos pneumáticos.

- Evita o uso do vehículo privado; móvete en transporte público, en bicicleta ou a pé.
- Escolle rutas con pouco tráfico.
- Fomenta o uso do transporte compartido coas túas compañeiras e compañeiros para ir desde a casa ao lugar de traballo.



RESIDUOS ASIMILABLES A URBANOS

- Segrega en orixe os distintos tipos de residuos:
 - o **Envases:** de plástico, metálicos, briks, cartón para bebidas e envases mixtos.
 - o **Orgánicos:** restos de alimentos e residuos de xardinería.
 - o **Vidro:** quita os tapóns das botellas para facilitar a súa reciclaxe.
 - o **Papel e cartón:** retira clips, grampas ou espirais do papel para facilitar a súa reciclaxe.
 - o **Fracción resto:** en xeral, todos aqueles residuos que non se poden separar nas fraccións anteriores.
 - o **Tóner usado:** colócao nos contedores instalados para o efecto ou avisa o Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa retirada.
 - o **Pilas:** colócaas nos contedores instalados para o efecto ou avisa a ou o conserxe ou ordenanza para a súa retirada.
 - o **Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos** (rato, pantalla, teclado etc.): avisa o Servizo de Medio Ambiente ou o Servizo de Novas Tecnoloxías para que os retire.
 - o **Luminarias e lámpadas led, de descarga, non led e fluorescentes:** avisa o Servizo de Arquitectura para a súa retirada.

Se atopas calquera outro residuo ou tes algunha dúbida, consulta co Servizo de Medio Ambiente.

OUTROS RESIDUOS

- Segrega en orixe os distintos tipos de residuos:
 - **Restos de madeira:** colócaos nos colectores pertinentes.
 - **Chatarra:** bótaa nos colectores instalados para o efecto.
 - **Luminarias e lámpadas led, de descarga, non led e fluorescentes:** colócaas nos colectores instalados para o efecto. Evita que rompan, xa que, por exemplo, os tubos fluorescentes emiten elementos moi tóxicos, coma o mercurio ou o argón.
 - **Residuos perigosos xerados pola actividade sanitaria** (cortantes e punzantes): bótaos nos respectivos colectores.
 - **Residuos perigosos xerados no mantemento das instalacións:** introdúceos nos colectores instalados para tal fin e separa:
 - A pintura e o verniz.
 - Os disolventes haloxenados.
 - Os aerosois usados.
 - Os aceites.
 - Os absorbentes contaminados.

RESIDUOS PERIGOSOS

- Etiqueta os colectores de forma clara, lexible e indeleble. A etiqueta débese fixar firmemente no envase; anularanse, se fose necesario, as indicacións ou as etiquetas anteriores para que non induzan a erro ou ao descoñecemento da orixe e do contido do envase.
- Indica na etiqueta a data de inicio do almacenamento; é dicir, aquela na que se deposita o primeiro residuo.
- Mantén os colectores pechados.
- O almacenamento temporal dos residuos, ata a súa entrega a un xestor autorizado, non superará en ningún caso os 6 meses.
- Se tes dúbidas sobre a perigosidade dun produto, consulta a súa etiqueta ou a ficha de datos de seguridade. Os perigos dos produtos indícanse nas etiquetas a través dos seguintes pictogramas normalizados:



Explosivo
GHS01



Inflamable
GHS02



Oxidante
GHS03



Gas presurizado
GHS04



Corrosivo
GHS05



Tóxico
GHS06



Tóxico, irritante,
narcótico, perigoso
GHS07




Perigoso para o corpo,
mutáxeno,
carcinógeno,
reprotóxico
GHS08



Daniño para
o medio
GHS09

INCENDIO/EXPLOSIÓN



POSIBLES CAUSAS

- Combustión incontrolada de substancias perigosas.
- Curtocircuito da instalación eléctrica.

INCENDIO/EXPLOSIÓN

MEDIDAS PREVENTIVAS ASOCIADAS

- Lembra que está prohibido fumar en zonas de almacenamento de produtos combustibles ou inflamables.
- Non sobrecargues as liñas eléctricas. Evita o uso de múltiples enchufes.
- Evita a proximidade de produtos inflamables ou combustibles a focos de ignición.
- Manipula coidadosamente os produtos inflamables ou combustibles (pinturas, vernices etc.). Almacena estes produtos nun recinto illado, ventilado e separado, e utiliza unicamente as cantidades imprescindibles.
- Comproba que as máquinas que poidan producir chispas estean correctamente desconectadas e afastadas de posibles focos. Ten coidado cos traballos que orixinen chamazas, chispas... Estuda previamente o momento e o lugar onde se van realizar.
- Mantén a orde e a limpeza nas zonas de traballo e nas vías de evacuación.

PLAN DE EMERXENCIA

- Ante un incendio ou explosión, avisa a persoa encargada de poñer en práctica as medidas de emerxencia ou ben os servizos externos.
- Se tes a capacidade necesaria para iso, tenta deter o incendio cos medios dispoñibles (extintores portátiles e bocas de incendio equipadas) sen poñer en perigo a túa integridade física.
- Informa da situación, abandona a zona e espera a intervención dos equipos adestrados.
- Antes da evacuación trata de illar a zona afectada do resto (pecha portas, xanelas etc.) e desconecta os equipos cuxo funcionamento poida agravar o incendio.
- En caso de estar atrapada ou atrapado polo lume, gatea, retendo a respiración e pechando os ollos cando sexa posible. Pecha as portas para evitar o fume e tapa as rañuras con trapos e alfombras. Busca unha xanela, ábrea e indica a túa localización.
- A evacuación do centro debe facerse de forma rápida e ordenada:
 - o Conserva a calma e non berres para non estender o pánico.
 - o Sal inmediatamente; non perdas tempo en recoller obxectos persoais.
 - o Pecha a porta asegurándote de que non hai ninguén no interior.
 - o Camiña cara á saída máis próxima e non corras. Non empuxes as demais persoas, xa que a situación de emerxencia acaba de comezar e hai tempo suficiente para controlala.
 - o Se hai fume na vía de evacuación, agáchate e sal reptando.

PLAN DE EMERXENCIA

o Nas escaleiras ten especial coidado: baixa con rapidez, pero sen correr; agarra o pasamáns para non escorregar; así, evitarás facer caer as demais persoas ou que estas te pisen.

o Se na saída de emerxencias hai unha fila de persoas esperando, non sexas impaciente e espera a túa quenda civicamente.

o Unha vez na rúa, non te deteñas, non te afastes do edificio e diríxete ao punto de reunión.

- Cómpre facer un reconto das persoas presentes para saber se algunha quedou no interior, e así ir rescatala.
- Non regreses ao interior ata que non recibas a orde pertinente.

CONSIDERACIÓNS PARA TER EN CONTA

Os principais danos que se adoitan producir cando ocorre un incendio ou unha explosión son os seguintes:

- Persoais.
- Ao medio.
- Nas edificacións, nas instalacións e nos equipos.
- Bloqueo de accesos e das vías de comunicación.

Ao producirse un incendio ou outra situación de emerxencia, calquera persoa debe estar preparada para **dar o sinal de alarma e avisar os equipos de emerxencia externos** necesarios. Se hai visitas, o persoal deberá acompañalas ao exterior segundo os percorridos de evacuación.

Á hora de tomar decisións, as prioridades serán as seguintes:


1. Rescatar as persoas que se atopan en perigo ou fosen afectadas.
2. Activar os equipos ou dispositivos de protección contra incendios.
3. Informar as autoridades e os servizos externos de intervención.
4. Evitar os problemas e perigos para as persoas e o medio ocasionados por produtos, equipos e instalacións que se atopan na área afectada.
5. Salvar, na medida do posible, os produtos, os equipos e as instalacións que aínda non estean afectados.

En caso de incendio ou explosión, deberanse protexer especialmente os depósitos e as zonas de almacenamento de **produtos químicos ou perigosos** (se os houbese) para evitar que o lume os alcance, xa que isto podería ter graves consecuencias. Cando sexa posible, trasladaranse estes produtos a lugares máis seguros.

Finalmente, o **Comité de Xestión Ambiental** encargarse da xestión dos residuos xerados por mor do incendio ou da explosión segundo a sistemática establecida na ficha de proceso.


NORMAS DE UTILIZACIÓN DE EXTINTORES PORTÁTILES

- 1.** Descolga o extintor, colléndoo pola agarradoira ou pola asa fixa e déixao no chan en posición vertical.
- 2.** Se o extintor ten mangueira, cóllea pola embocadura para evitar que o axente extintor saia de forma incontrolada. Se o extintor é de CO₂, ten especial coidado; colle a embocadura pola parte illada destinada para iso e non a dirixas cara ás persoas. Quita o pasador de seguridade tirando da argola.
- 3.** Achégate ao lume deixando, como mínimo, un metro de distancia. No caso de espazos abertos, achégate na dirección do vento.
- 4.** Preme a panca da cabeza do extintor e, en caso de que exista, aperta a panca da embocadura e realiza unha pequena descarga de comprobación.
- 5.** Dirixe o chorro á base das chamas cun movemento de varrido. Se é un incendio de líquidos, proxecta superficialmente o axente extintor, efectuando un varrido e evitando que a propia presión da impulsión provoque o derrame do líquido incendiado. Achégate lentamente ao lume ata un máximo dun metro.




NORMAS DE UTILIZACIÓN DAS BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS (BIE)

1. É recomendable que calquera **BIE** sexa utilizada por dúas persoas.
2. **Persoa 1:** agarra con firmeza a lanza ou a embocadura da manguera totalmente desenrolada en dirección ao lume, pero mantendo a distancia. Pídelles á outra persoa que abra a válvula de paso de auga do armario.
3. **Persoa 2:** abre a válvula de paso de auga do armario segundo a indicación recibida e inmediatamente despois suxeita por detrás a quen está agarrando a lanza ao tempo que lle axudas a suxeitar o peso da manguera, de modo que quen controle a lanza teña maior liberdade de movemento.
4. Cando a manguera estea presurizada e as dúas persoas estean en posición para conter o impulso cara atrás pola presión de saída da auga, estas poden proceder a abrir a embocadura e dirixir a auga cara ao lume para sufocalo.



Nota: ambas as persoas teñen a manguera ao seu lado dereito e as pernas separadas e en posición de avance dun paso: coa perna esquerda adiantada e apoiada, os xeonllos algo flexionados e cargando o peso do corpo na perna dereita, que queda atrás. A persoa que está diante suxeita a lanza coas dúas mans e ocúpase de dirixir o chorro, mentres que a que está detrás do seu antebrazo dereito suxeita o peso da manguera e coa súa man ou co seu antebrazo esquerdo apoia por detrás do ombreiro dereito de quen está diante para contrarrestar o impulso de retroceso que sentirá pola presión da saída da auga. No caso das persoas zurdas, a posición sería a simétrica inversa.

INUNDACIÓN



POSIBLES CAUSAS

- Rotura da rede de abastecemento xeral de auga.
- Descoido do persoal.

MEDIDAS PREVENTIVAS ASOCIADAS

- Mantemento preventivo das instalacións críticas que poidan desencadear situacións de emerxencia: billas, tubaxes e outras.

PLAN DE EMERXENCIA


- Ante unha inundación avisa o persoal de mantemento (Servizo de Arquitectura) encargado de poñer en práctica as medidas de emerxencia ou avisar os servizos externos.
- Antes da evacuación, tenta deter a inundación cos medios dispoñibles:
 - o Trata de localizar a orixe da inundación para, na medida do posible, parala.
 - o Tenta illar a zona afectada do resto.
 - o Desconecta os equipos cuxo funcionamento puidese agravar a situación de emerxencia.
 - o Retira calquera material perigoso para minimizar os danos ambientais.
 - o Salva, na medida do posible, produtos, equipos e instalacións aínda non afectados
- A evacuación do centro debe facerse de forma rápida e ordenada:
 - o Conserva a calma e non berres para non estender o pánico.
 - o Sae inmediatamente; non perdas o tempo en recoller obxectos persoais.
 - o Pecha a porta asegurándote de que non hai ninguén no interior.
 - o Camiña cara á saída máis próxima e non corras. Non empurres as demais persoas, xa que a situación de emerxencia acaba de comezar e hai tempo suficiente para controlala.
 - o Nas escaleiras ten especial coidado: baixa con rapidez, pero sen correr; agarra o pasamáns para non escorregar; así, evitarás facer caer as demais persoas ou que estas te pisen.
 - o Se na saída de emerxencias hai unha fila de persoas esperando, non sexas impaciente e espera a túa quenda civicamente.
 - o Unha vez na rúa, non te deteñas, non te afastes do edificio e diríxete ao punto de reunión.

CONSIDERACIÓNS PARA TER EN CONTA

En caso de inundación, os produtos tóxicos situaranse nun lugar máis elevado e levaranse a lugares máis seguros, co fin de evitar agravar aínda máis a situación e de que estes sexan arras-trados pola auga.

Finalmente, o Comité de Xestión Ambiental encargarse da xestión dos residuos xerados a causa do sinistro.

FUGA DE GASES REFRIXERANTES



MEDIDAS PREVENTIVAS ASOCIADAS

- Mantemento preventivo das instalacións e dos equipos susceptibles de encadear situacións de emerxencia, realizado por persoal técnico autorizado.

PLAN DE EMERXENCIA

- Ante unha fuga de gas refrixerante, avisa o persoal de mantemento (Servizo de Arquitectura), o cal contactará coa empresa de mantemento correspondente para que se ocupe da fuga.
- Apaga o sistema de refrixeración para evitar a expansión do gas.
- Evacúa a zona.
- Asegúrate de que hai unha ventilación adecuada.

ACCIDENTE DE TRÁFICO



ACCIÓNS INMEDIATAS

- Ponte a salvo e abandona a zona de perigo.
- Avisa inmediatamente do accidente.
- Avisa os bombeiros para que limpen e retiren posibles verteduras.
- Avisa o guindastre para que leven o vehículo.

RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS

- Cumpre as normas de circulación en todo momento.
- Realiza a revisión do vehículo de forma periódica.

